

CEIP DA POBRA DO BROLLÓN

NORMAS XERAIS DO CENTRO

ENTRADAS

1. Entre as 9:20-9:30 (Chegada dos Transportes Escolares) @s [alumn@s](#) deben entrar para o recinto escolar e permanecer no porche da entrada ata que toque o timbre. Non é momento de utilizar ningunha zona de xogo. Cada día haberá dous mestres de garda que se encargarán de recoller ao alumnado do Transporte Escolar e manter a orde no patio ata que toquen o timbre ás 9:30.
2. Co toque do timbre @s [alumn@s](#) entrarán por orde de cursos, empezando por infantil, ao centro. Cada grupo subirá en orde ás clases acompañado do seu respectivo profesor co que teña clase nese momento.

SAÍDAS:

1. Para saír tanto ao recreo como ás saídas da mediodía e da tarde deberán baixar das aulas acompañados do profesor que está nese momento na aula. Ao mediodía o profesor de cada grupo colaborará na orde e no lavado das mans para a entrada do comedor. Ás saídas para os recreos tamén deberán baixar acompañados do profesor co que estiveron na clase, non estando sós en ningún momento. Se por calquer motivo se baixa antes de que toque o timbre do recreo, o profesor deberá acompañar ao grupo ata que cheguen os profesores de garda dese día. Pola tarde á hora da saída acompañarán ao seu grupo ata que toque o timbre de saída.
2. Cando toque o timbre da saída irán acompañados ata a porta de fóra pol@s profesores/as de garda que se encargarán de que cada alun@ suba ao seu respectivo transporte escolar ou sexa recollido pola familia.

OUTRAS NORMAS

1. @S [alumn@s](#) non deben estar sós nas aulas. Se algún [alumn@](#) está castigado deberá permanecer baixo a responsabilidade do profesor que o castigou non quedando sós nas aulas.
2. A aula de informática usarase sempre polo alumnado baixo a presenza do profesor responsable da actividade, non estando nunca sós nesta aula.
3. Durante o intercambio de clases debe haber coordinación entre o profesorado respectivo coordinando previamente o intercambio a fin de manter a orde nas aulas e que ningún grupo quede só.
4. Ningún [alumn@](#) debe subir ás aulas sen a autorización dalgún profesor/ra.

FUNCIÓNS [D@S](#) PROFESORES/AS DE GARDA

- Tocar o timbre ás horas de entradas e saídas con puntualidade.
- Vixiar a orde e boa convivencia no patio e organizar as entradas con orde xa descritas.
- Saídas con orde. Acompañar @s [alumn@s](#) ata a porta da saída controlando que cada [alumn@](#) suba ao seu respectivo Transporte Escolar ou sexa recollida sen incidencias.
- As gardas de recreo faranse en turnos de dous:
 - Manter a orde no patio en xeral
 - Ningún alumno pode saír fóra do recinto escolar ou subir ás aulas sen autorización dun profesor.
 - Respectar as zonas de xogo:
 - Colaborar no bo funcionamento do uso, coidado e recollida do material para os periodos de lecer.